



Disney+ chega a R

- ***Dende o 7 de abril, Disney+ está dispoñible para os/as clientes/as da tele de R, ofrecendo o seu catálogo completo de entretemento, que inclúe éxitos tanto nacionais como internacionais e é recoñecido como un dos catálogos máis demandados no mercado audiovisual.***
- ***Os/as clientes/as de R televisión que elixan Disney+ poderán acceder á plataforma e desfrutar do contido de Disney, Pixar, Marvel, Star Wars, National Geographic e os contidos de Star, incluíndo películas e series como ‘Anatomía de Grey’, ‘Mufasa: El Rey León’, ‘Vaiana 2’ e moitas máis.***
- ***R reforza, así, a grella do seu servizo de televisión, ofrecido a través de Agile TV, para seguir acompañando as súas audiencias con contidos de entretemento de calidade, como leva facendo dende hai máis de dúas décadas.***

Martes, 8 de abril de 2025.- A ampla e exclusiva oferta de entretemento galardoado de **Disney+** chega a **R**. Dende o 7 de abril, os/as clientes/as do operador líder en Galicia poden dispor dos contidos dunha das principais plataformas de *streaming* do mercado, propiedade dunha compañía líder de entretemento e creación de contidos a escala mundial.

O acordo con Disney+ reforza a calidade e diversidade da grella de tele do operador galego –ofrecida a través de Agile TV*– para facer accesibles aos seus clientes/as os contidos máis recoñecidos e demandados do mercado audiovisual nacional e internacional. Así o leva facendo **R** durante máis de 20 anos: dende os seus inicios co servizo analóxico, pasando polo desco 4k e incluíndo tamén agora esta nova forma de ver a tele dende calquera lugar a través de plataformas ou aplicacións.

Os/as espectadores/as poderán desfrutar dos últimos éxitos de butaca, incluíndo ‘Mufasa: El Rey Leon’ de Disney, ‘Vaiana 2’ e ‘Deadpool y Lobezno’ de Marvel Studios, xunto con series galardoadas como ‘The Bear’ de FX, ‘Shōgun’ e a icónica ‘Anatomía de Grey’, así coma producións orixinais españolas como ‘Invisible’, ‘Cristóbal Balenciaga’ e ‘Yo, adicto’.

**Agile Content a través de OVER THE TOP NETWORKS IBÉRICA, S.L.U. é provedor do servizo de televisión de R (Ocio e TV total).*

O acceso a Disney+ poderase realizar directamente e de xeito doado dende a interface do descodificador de TV de **R**, de maneira que os/as clientes/as poidan acceder aos seus contidos sen ter que mudar de sistema.

En palabras de Alfredo Ramos, director de **R** e do grupo MasOrange en Galicia, “a integración do servizo de Disney+ en **R** é máis un paso na nosa aposta por seguir ofrecendo contidos de alto valor. Dende os tempos da televisión analóxica ata hoxe, nos que imperan os contidos dixitais á carta, en **R** sempre traballamos por reforzar o entretemento con propostas diversas e de calidade. Preto dos nosos clientes, acompañándoos con toda a innovación para que as audiencias galegas non perdan nada”.

sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga, televisión dixital e, dende hai uns meses, luz e gas. E para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Como marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica.

Dende abril de 2024 forma parte do grupo MasOrange, líder do sector das telecomunicacións en España por número de clientes, cuns 39M de liñas entre banda larga e móbil. O operador galego é a insignia do grupo en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e máis do 90 % da pooboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G. (R.gal)

Sobre Disney+

Disney+ é o fogar do streaming dedicado para películas e programas de Disney, Pixar, Marvel, Star Wars e National Geographic, xunto cos Simpson e moito máis. Nalgúns mercados internacionais como España, tamén inclúe a marca de contido de entretemento xeral, Star. O servizo de streaming de The Walt Disney Company, Disney+ ofrece unha colección inigualable de orixinais exclusivos, incluíndo longametraxes, documentais, series de acción en vivo e animadas, e contido de formato curto.

Cun acceso sen precedentes, ao longo da historia, de increíbles películas e programas de televisión de Disney, Disney+ é tamén o fogar exclusivo de streaming para os lanzamentos máis recentes de The Walt Disney Studios. Para máis información, disneyplus.com ou a aplicación Disney+ na maioría dos dispositivos móbiles e de TV conectada.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal